

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Convocatoria bases de axudas a familias para a escolarización de fillos/as

ANUNCIO

Mediante o decreto nº 750/2020, do 10 de xuño, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude efectuou a convocatoria das axudas que se indican, con suxeición ás seguintes:

“Bases reguladoras específicas das axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos-filas para o curso 2020-2021

1º.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiari@s destas axudas o pai/nai, ou titor legal do alumnado empadroadado no termo municipal das Pontes que vaian cursar calquera dos seguintes estudos: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

Os beneficiarios deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado/a no Concello das Pontes e convivir cos menores para os que se solicita axuda.
- Que a renda da unidade familiar non supere os 20.500 €.

a) Para a determinación da renda dos membros computables que tiveran presentado a declaración da renda das persoas físicas, procederase do seguinte xeito: sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.

b) Para a determinación da renda dos demais membros computables que obtiveran ingresos propios e non tiveran presentado a declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

· Ter presentado solicitude de reserva para continuar no centro escolar ou solicitude de admisión para un posto escolar nun centro sostido con fondos públicos, no caso de non ser escolaridade obrigatoria.

- Estar ao corrente coas obrigas fiscais da Axencia Tributaria, Seguridade Social, e o Concello das Pontes.

2º.-Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente Convocatoria Municipal é a concesión de axudas ás familias para atender os gastos derivados polo inicio do curso escolar.

3º.- Financiamento, importe e contía das axudas

O financiamento destas axudas efectuarase con cargo ao orzamento 2017, prorrogado, nas aplicacións orzamentarias 320.48100 e 320.78100. A contía para as axudas ascende a un importe total de 40.000 €.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dábondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.

Non obstante, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

Se aínda así o orzamento asignado non é suficiente para conceder todas as axudas solicitadas aplicarase como criterio de prioridade os ingresos económicos da unidade familiar a data e hora de presentación.

A contía individual de cada axuda será variable segundo o curso no que estea matriculado/a cada alumno/a:

CURSO ESCOLAR	CONTÍA
Educación infantil 0-3 anos	30 €
Educación infantil 3-6 anos	100 €
Educación primaria e secundaria	100 €

CURSO ESCOLAR	CONTÍA
Ciclos formativos	140 €
Bacharelato	140 €
FP Básica	80 €

4º.- Lugar e prazo de presentación da solicitudes

As solicitudes poderán presentarse no rexistro do concello ou a través da sede electrónica do concello e deberán estar asinadas **polos dous proxenitores** do alumno, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales deberá ser asinada polo proxenitor que teña a custodia do menor.

A cada solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- DNI solicitante (pai ou nai).
- Declaración da renda do ano 2018 (de todos os membros da unidade familiar). No caso de non estar obrigado pola Axencia Tributaria a presentala, deberá presentar o certificado negativo de imputacións.
- No caso de estudos de BAC ou Ciclos Formativos, certificado de solicitude de praza ou fotocopia da matrícula do centro onde o alumnado realice os seus estudos.
- Sentencia xudicial, no caso de separación ou divorcio. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. No caso de proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, poderían presentar cada un unha solicitude con a súa declaración e, sempre que cumprisen requisitos, tería dereita ao 50% da axuda cada proxenitor.
- Calquera outra documentación que a comisión de baremación considere oportuna.

A falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo de que o Concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais.

O prazo de presentación de solicitudes será 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 5 días, indicándolle que de non realizarse terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no art. 21 da Lei 39/2015 de PAC.

Abriase **un prazo extraordinario** en setembro (dende o 21 ao 30 de setembro de 2020), para aquel alumnado que por obrigación ten que formalizar a matrícula en setembro.

5º.- Procedemento e instrución do procedemento:

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

5º.- 1. Instrucción:

O Negociado de Educación, órgano instrutor do procedemento, encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

Nomearase unha Comisión de valoración, encargada da avaliación das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: a concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude ou concelleiro/a en que delegue.
- Vogais:
 - Dous técnicos municipais da área de Benestar Social.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz e voto): un empregado da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude que actuará con voz e voto

5º.-2. Procedemento de concesión:

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrncia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria,

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente:

– A comisión de valoración emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instrutor, someterase a aprobación do órgano concedente.

5º.- 3. Publicación

Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de dez (10) días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano instrutor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procedérase á súa posterior publicación.

6.-Resolución, notificación e recursos

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 e publicaranse para os efectos de notificación na páxina web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan relizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7º.-Forma e pagamento das axudas

Trala resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale. Deste xeito, a persoa beneficiaria acudirá ás Oficinas de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida.

Unha vez que a persoa beneficiaria este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar ou material informático, nos establecementos do concello, a súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento, antes do 10 de novembro de 2020.

Os establecementos deberán presentar as facturas acompañadas dos vales correspondentes no rexistro xeral do concello de As Pontes, debendo este, vir asinado polo beneficiario e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento de facturación.

O prazo para presentar facturas no Concello rematará ó día 15 de decembro de 2020.

8º.- Compatibilidade da subvención

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axuda ou subvención que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

9º.-Disposición final

Para todo aquilo non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, prorrogadas”.

ANEXO

Nome do solicitante (pai ou nai)	DNI/NIE
----------------------------------	---------

Nome do outro proxenitor (si é o caso. Ou indicar o motivo; familia monoparental, falecido, separado, etc...)	DNI/NIE
---	---------

Dirección:		
Parroquia	Código Postal	Teléfonos de contacto
Email:		

FILLOS/AS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA

Nome e apelidos	Idade	Curso no que se matricula

AUTORIZAMOS ao Concello de As Pontes de García Rodríguez a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, os datos tributarios do ano 2018, aos efectos da sinatura ou abono de cantidades derivadas de convenios e subvencións, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de concesión o estime oportuno.

AUTORIZAMOS a comprobación do empadramento de oficio.

Esta autorización ten unha validez ata o 31/12/2020.

DECLARAMOS baixo a nosa responsabilidade:

- Que non estou incurso/a nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Así mesmo, declaro non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de As Pontes no exercicio anterior ou ter desistido de forma motivada e por escrito.

OS FILLOS/AS MAIORES DE 18 ANOS, ASINAN, DECLARAN E AUTORIZAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE A TODO O ANTERIOR:

Nome e apelidos	NIF/NIE	SINATURA

Sinatura solicitante

Sinatura outro proxenitor (si fora o caso)

Documentación a presentar:

- Solicitude (a solicitude debe estar cumprimentada e asinada polos dous proxenitores). Si non é o caso, haberá que xustificalo dalgunha maneira (sentencia separación, certificado familia monoparental, copia libro de familia onde non aparece o outro proxenitor, etc.)
- DNI (orixinal) do proxenitor que figura como solicitante (pai ou nai).
- No caso de estudos non obrigatorios (BAC ou Ciclos Formativos), xustificación de estar matriculado (Copia da matrícula, certificado de matrícula...)
- Sentencia xudicial, no caso de separación ou divorcio. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. No caso de proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, poderían presentar cada un unha solicitude con a súa declaración e, sempre que cumprisen requisitos, tería dereita ao 50% da axuda cada proxenitor.
- Certificado de familia monoparental ou defunción si é o caso.
- Calquera outra documentación que a comisión de baremación considere oportuna solicitar.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento, formarán parte dun ficheiro de datos titularidade do CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, cuxa finalidade é a realización de xestións de intervención social, para o que vostede consinte expresamente no caso de facilitar datos de saúde ou outros especialmente protexidos. Vostede tamén autoriza de modo expreso a que podamos ceder os seus datos a autoridades sanitarias, corpos e forzas de seguridade, centros educativos, servizos sociais doutras administracións e a outros órganos da administración pública para o bo fin da intervención social. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixindo a súa solicitude ao Parque Municipal s/n de As Pontes, 15320 (A Coruña). No caso que facilite datos doutros membros da súa unidade familiar ou de terceiros relacionados deberá informarlles do contido da presente cláusula.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES

As Pontes de García Rodríguez, 11 de xuño de 2020

A concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude

María Tania Pardo Cabarcos

2020/3605